

ADDENDA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA DE TURISMO DE GALICIA E O CONCELLO DE MOS PARA A FASE II DO PROXECTO DE REMODELACIÓN DA CONTORNA DA IGREXA DE SAN MIGUEL DE PEREIRAS

O xerente de Turismo de Galicia

DECLARA:

Que esta Axencia de Turismo de Galicia formalizou co Concello de Mos o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2026.

Que esta addenda ten por obxecto modificar as cláusulas segunda, terceira, oitava e décimo novena do convenio.

Que o instrumento convencional que se pretende asinar se **fundamenta** no seguinte:

Primeiro.- O 29 de maio de 2025 asinouse un convenio de colaboración cuxo obxecto era establecer as bases de colaboración entre a Axencia de Turismo de Galicia e o Concello de Mos para a fase II do proxecto de remodelación da contorna da Igrexa de San Miguel de Pereiras.

Que na cláusula segunda se establece o orzamento estimado para as actuacións obxecto do convenio, que ascenden a 399.000,00 € (IVE incluído). A Axencia Turismo de Galicia achegará 399.000,00 € (100%) con cargo á aplicación orzamentaria 04.A2.761A.760.0, proxecto 2015 00005, dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para a anualidade 2025.

Por outro lado, a cláusula oitava do convenio establece que o prazo para presentar a documentación xustificativa da subvención por parte do concello rematará o 15 de decembro para o ano 2025.

Segundo.- O Consello da Xunta de Galicia autorizou a subscrición do referido convenio na súa reunión do 19 de maio de 2025, de conformidade co disposto no artigo 40.3 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de subvencións de Galicia, e na Disposición Adicional 2ª da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno de Galicia, que establece que a subscrición de convenios de colaboración cuxo importe sexa superior a 150.000 € ou teñan carácter plurianual requirirá autorización do Consello da Xunta.



Terceiro.- Con data do 31 de outubro de 2025 o Concello de Mos solicitou un reaxuste das anualidades previstas no convenio, motivándoo no feito de que a adxudicación da obra se realizou o 26 de agosto de 2025 e, en consecuencia, a data de inicio foi o 24 de setembro de 2025, polo que xustificar e executar as obras en prazo resulta imposible.

O importe da adxudicación, incluídos impostos, foi pola cantidade de 395.009,99 €. A modificación solicitada polo Concello de Mos consiste en imputar á anualidade 2025 a cantidade de 204.200 € e trasladar á anualidade 2026 a diferenza do importe adxudicado, tal e como se determina a continuación:

- Anualidade 2025 204.200,00 €
- Anualidade 2026 190.809,99 €

Ademais do reaxuste anterior cómpre facer a minoración das cantidades derivadas da oferta á baixa respecto ao convenio por importe de 3.990,01€.

Que resulta de interese para as partes asinantes, sen renunciar ás súas competencias, subscribir a presente addenda ao citado convenio de colaboración, ao obxecto de reaxustar a distribución das anualidades nas que se realizará a achega da Axencia Turismo de Galicia ao tempo que se acomoda o importe do convenio inicialmente previsto ao importe de adxudicación das obras.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago de Compostela

O xerente de Turismo de Galicia
Antonio Casas Calviño

